

---

# O SOÑADOR DE TODOS.

---

---

Lema: Xeografía do gran arquitecto.

# O SOÑADOR DE TODOS.

---

*(Poema en cuatro tempos no centenario de Neruda.)*

-I-

Veñen voando coma cóndores místicos  
ou coma bicicletas doentías do vento,  
veñen voando os seus versos arroladores  
constelados entre sombras magoadas,  
ou entre soños colectivos que trepan sedentos  
para descifrar os mananciais do futuro.

Veñen resoando coma tambores de vinagre  
ou coma violíns de música azul,  
veñen resoando os seus versos anfibios  
compostos con solfeo de soidade crebada,  
ou coa luz celebratoria dos ríos  
que se ispen entre plumaxes transparentes.

Veñen co seu sabor de uva eslumeante,  
co seu recendo de amores meluosos e bulleiros,  
de árbores coas veas abroiantes  
e de terras araucanas corroídas por espiñas.

Veñen outra vez os versos de Neruda  
forxados entre esmeraldas de luz ferruxinosa  
e entre a lama dos seres esquecidos  
que morden as tebras cos seus dentes.

Veñen a quedarse xa para sempre  
entre feridas do tempo e soños fracasados,  
porque renacen coma unha trepadeira antiga  
que nos fala dos dúctiles alentos da vida  
e das batallas da alma  
e da memoria interrogadora  
do fundeiro entusiasta.

Veñen a quedarse xa para sempre  
os seus versos xerminais e chuviosos,  
os versos nupciais de Neruda.

-II-

Era o amor un crepúsculo de fame e nacre,  
ou un vendaval redentor para o poeta adoecido,  
a veces muxica de amor coma tigre debullado,  
a veces amor en calma  
ou queixume de estirpe escura.

Así era o amor, entre circios e enseadas,  
cando estalou a canción desesperada,  
a dun Madrid fendido pola guerra  
que descende sobre as gorxas do inverno  
e se encista coma un vento negro  
que é caimán e serpe e agoirante rata.

Alí acompaña aos que loitan,  
mentres Federico ve pasar entre a morte  
peixes de loito e coitelos de cebola.

Lonxanas quedan as longas noites do viño,  
os cabalos verdes con perfume de area,  
as horas entre amigos baixo as pálpebras  
dun tempo amable xa apodrecido.

Agora as bandeiras sangran pombas mortas  
e os brigadistas heroicos peitean a lúa  
coas baionetas caladas.

Agora as campás bican cadáveres  
e estronda unha tempestade de avións  
mentres arden as estrelas e as librarías.

Esa argana de fonda queimadura  
esperta a súa conciencia indócil  
e o poeta vólvese emanación da xente,  
das súas inquedanzas congregadas,  
da súa sede de redención  
e da súa inxel melancolía.

-III-

Desde a pedra bautismal do Machu Picchu,  
entre os seus estambres celestes  
e os seus muros incólumes e eternos,  
o poeta albisca

    a grandeza arruallada de América,  
a súa intemperie de resurreccións e agonías,  
o balbor dos soños aztecas  
e a súa xeoloxía cósmica que converte  
    en sagrado o terrestre.

Nesa visión converxen as existencias sucesivas,  
a alfarería xenital

    das razas disgregadas,  
a ventolada de neve de tantos conquistadores  
que soñaron fortunas cegadoras e palacios.

Nesa luz reveladora mestúranse  
    ríos de téxtil espuma,  
pampas de patagónico sosego,  
litorais de prata impúdica  
    e doces fantasías de sabor caribe.

América, a grande América,  
poderosa e somnolenta a un tempo,  
a dos humillados que irradian cicatrices  
e a dos visionarios de espírito indomable  
que pescudan unha liñaxe relampante de victorias.

E o poeta co seu tempero  
de lume e oceano galguexante,  
consciente das dentadas agochadas da morte  
e das esperanzas tremesías da vida,  
convértese en voz plena e plural  
desa América de corazón mancado  
que invoca unha dignidade  
de memoria e pan e terra respetada.



Coa súa voz falan os pastores andinos  
e os mariñeiros bicados pola intemperie dos ventos,  
os panadeiros que cociñan oracións de pan  
e os labregos devorados polos liques  
mentres agardan un milagre de racimos e espigas.

Falan coa súa voz de mazá indeleble  
os que utilizan as mans para modelar o firmamento  
e para sementar a tenrura laboriosa de cada día.

Na súa voz ecoan cristaliñas odas elementais  
que descubren as moedas esenciais da linguaxe  
co seu recendo a leña e a vello cine soñado.

Ecoan tamén as orgullosas cancións de xesta,  
abritadas coma ondas que convocan aos cormoráns,  
as cancións acesas que enxalzan a liberdade  
co seu galope de utopías entre o látego e a néboa,  
co seu fulgor de gorxas  
que intúen a esperanza.

Ben é certo que deses soños trae o tempo  
un churume aciago de loitas nobres e de ocasos,  
mesmo de rebertes convertidos  
en reféns adormecidos do pasado.

Tamén é certo que a súa América soñada  
continúa sendo un cóndor amputado  
a sobrevoar pobos que se buscan  
entre unha madeixa escura de naufraxios.

Pero os seus versos con constelacións de algas  
e con murmurios borboriñantes de abrentes estrelados  
que coñecen os secretos dos martelos e das almas  
veñen co vento a quedarse para sempre,  
porque posúen a encarnadura inmortal  
da palabra libre, profunda e soberana,  
coma un castelo aleivoso que se ergue  
sobre o mar inmenso e as montañas.